



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Secretaría

*Apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes para educador/a familiar*

##### ANUNCIO

**Expediente n.º 2019/E001/000009**

No Boletín Oficial da Provincia (BOP) n.º 19, do 29/01/2020, foi publicado o anuncio de convocatoria do proceso encamiñado á selección dun/dunha educador/a familiar e á constitución dunha lista de espera. Tamén se publicaron as bases reguladora do procedemento, aprobadas polo Decreto n.º 131/2020, do 23 de xaneiro.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia interpuxo recurso potestativo de reposición fronte ás ditas bases, en canto excluían aos profesionais do Traballo Social da posibilidade de presentarse á convocatoria.

Mediante o Decreto 289/2020, do 19 de febreiro, foi estimado o recurso de reposición interposto e, en consecuencia, modificouse a letra d) da Base n.º 4 das que rexen a convocatoria, incluíndo entre as titulacións de acceso ao proceso selectivo ás persoas en posesión dalgún dos seguintes títulos: Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social.

Na mesma resolución edilicia acordouse conceder un novo prazo de presentación de solicitudes pero limitado exclusivamente aos e ás profesionais do Traballo Social.

Polo tanto, a través do presente anuncio faise público que durante o prazo de dez días hábiles, -contados a partir do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP)- as persoas en posesión do título de DIPLOMADO/A en TRABALLO SOCIAL, ou ASISTENTE SOCIAL ou GRADUADO/A EN TRABALLO SOCIAL poderán presentar solicitudes para participar no proceso selectivo para a selección dun/dunha educador/a familiar e constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo.

Así mesmo faise constar expresamente que as persoas que non estean en posesión dalgúns dos títulos de Traballo Social NON PODERÁN PRESENTAR SOLICITUDE neste novo prazo.

As Pontes de García Rodríguez, 20 de febreiro de 2020.

Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

2020/1452